


# PLAN DE ORIENTACIÓN

**CEIP MANUEL RESPINO**

CURSO 2021/2022



# ÍNDICE

## 1. INTRODUCCIÓN

## 2. MARCO LEGAL

## 3. XUSTIFICACIÓN DO PLAN

3.1. Contextualización

3.2. Destinatarios

3.3. Ámbito de actuación

3.4. Composición do D.O

3.5. Calendario de reunións.

3.6. Tarefas dos compoñentes do Departamento.

3.7. Tarefas da Xefatura do Departamento.

3.8. Necesidades da orientación no centro.

## 4. PLANIFICACIÓN XERAL

### 4.1. Obxectivos:

4.1.1. Obxectivos xerais

4.1.2. Obxectivos específicos:

- Referidos ao proceso de ensino-aprendizaxe

- Referidos á Acción tutorial.

- Referidos ao asesoramento e orientación académica

4.2. Principios de intervención.

4.3. Liñas prioritarias de actuación.

4.4. Estratexias de intervención:

- O Plan xeral de Atención a Diversidade
- O Plan de Acción Titorial.

4.5. Recursos:

- Humanos
- Materiais
- Económicos
- Espaciais

## 5. AVALIACIÓN

5.1. Inicial (diagnóstica)

5.2. Formativa (desenvolvemento)

5.3. Sumativa (reflexión)

5.4. Procedementos /Instrumentos de Avaliación

5.5. Criterios de Avaliación

## 1. INTRODUCCIÓN

O presente Plan de Orientación trata de establecer a liña de traballo a seguir no CEIP Manuel Respino en materia de Orientación Educativa.

Por en práctica este modelo supón, por unha banda, a posta en marcha dun conxunto de actuacións encamiñadas a desenvolver medidas adecuadas que propicien unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e, por outro, un proceso continuo que axuste ao máximo o proxecto educativo ás características e necesidades de todos e cada un dos alumnos/as. Por iso é polo que todos os Centros Educativos deben elaborar Plans de Orientación Educativa e clarificar as medidas que van a utilizar para ofrecer unha atención á diversidade de calidade.

O obxectivo final deste plan de Orientación será, polo tanto, o de contribuir á consecución dunha escola de calidade e eficaz.

O Departamento de Orientación é unha estrutura de apoio permanente encamiñada a apoiar o labor do Centro e do profesorado en todas aquelas actuacións para asegurar un desenvolvemento integral dos alumnos/as, así como a formular e pór en práctica respostas educativas adaptadas as necesidades do alumnado e das circunstancias actuais. O mesmo tempo asesora aquelas familias que así o demandan en particular a de alumnos con necesidades proporcionando unha educación integral ao conxunto do alumnado.

Tratase dun plan como ferramenta de traballo a longo prazo. Mediante o mesmo, marcaranse as metas a acadar e porase de manifesto aqueles aspectos nos que debamos incidir en maior medida.

## 2. BASE LEGAL

Reflectimos neste apartado a normativa básica que seguirá o Departamento de Orientación na súa actuación:

- Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación.
- Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a LOE.
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do curriculum nas ensinanzas de réxime xeral.

- Decreto 374/1996, do 26 de Xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobre-dotación intelectual.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.
- Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.
- Circular nº 17/2003 da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unifica-las actuacións e establece-las accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2003-2004.

- Circular nº 23/2004 pola que se ditan instrucións da Dirección Xeral de Centros Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para unificar as actuacións e establece as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional do ensino non universitario da comunidade Autónoma para o curso 2004/05.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Circular 20/2005 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2005-06.
- Lei 27/2005 do 30 de novembro de fomento á educación e cultura da paz.
- Decreto 330/2009, do 4 de Xuño que establece o currículo de Educación Infantil.
- Decreto 105/2014, do 4 de Setembro que establece o currículo de Educación Primaria.
- Circular 17/2006 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2006-07.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño , de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro , polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na lei orgánica 2/2006. do 3 de maio, de educación.

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
  - Protocolo de Identidade de Xénero.
  - Protocolo de Protección de datos.
  - Orientacións sobre Plan de Convivencia.
  - Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020. Informe de diagnose.
- 
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
  - Protocolo de Atención educativa domiciliaria.
  - Protocolo de Urgencias Sanitarias e Enfermedades crónicas. Addenda Diabetes.
  - Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, adaptado ás leis 39/2015 e 40/2015.
  - Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar adaptado ás leis 39/2015 e 40/2015.
  - Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020.
  - Protocolo de coordinación, intervención e derivación Inter-institucional en Atención Temprá.
  - Protocolo de Tratamento educativo do alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
  - Protocolo de Coordinación e cooperación Institucional fronte á violencia de Xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou con discapacidade.
  - Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
  - Protocolo para atención ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
  - Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.

- Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo consejo interterritorial do sistema nacional de saúde pública e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21.

- Resolución conxunta , de data 22 de setembro de 2020, das consellerías de Cultura, Educación e Universidade e Sanidade pola que se aproba a actualización do “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21”, así como os Protocolos de “prevención de transmisión da Covid 19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo” e o de “prevención da transmisión da covid-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios”.

- Plan de ensino virtual.

-Resolución da Secretaria Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros no contexto da Covid-19.

-Resolución conxunta, do 4 de Novembro de 2020, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproban as “ Recomendacións sobre a ventilación en centros educativos no contexto da Covid 19” para centros educativos non universitarios.

- Calquera outro que poida publicar a Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

### 3. XUSTIFICACIÓN DO PLAN

Presentamos o Plan de Orientación como unha guía de traballo, aberta e flexible no que o plantexamento que temos sobre o concepto da orientación educativa é o seguinte:

- É un proceso continuo, sistemático e articulado onde o/a alumno/a é o claro axente activo do seu propio progreso.

- Forma parte da función docente e integra todas as accións realizadas dende a titoría e o asesoramento.

- É un dereito de todo o alumnado e garante o desenvolvemento de medidas preventivas pero tamén compensadoras e dirixidas ao desenvolvemento de potencialidades.

#### 3.1. CONTEXTUALIZACIÓN

Para coñecer o contorno no que imos traballar facemos neste apartado, unha breve descrición do mesmo, atendendo a aspectos xeográficos, económicos e socioculturais.

O CEIP Manuel Respino, sitúase na intersección de catro barrios: Rúa Vella, Rúa da Estación, Vilela e Fontei. Agrupa ós alumnos dos concellos de Larouco, Petín e A Rúa.

O centro está formado por dous edificios; o primeiro inaugurado no ano 1.964, ampliado trece anos máis tarde cun segundo edificio na zona norte. O primeiro edificio que comparte instalacións coa U.N.E.D. separouse definitivamente cun muro de ladrillo quedando as entradas totalmente independentes. No segundo edificio fixéronse melloras durante o curso 2001/2002 entre as que destacamos a creación dun despacho para o Departamento de Orientación.

No curso 2007/2008 púxose en marcha a gardería escolar municipal, dentro das instalacións do centro, aínda que funciona de xeito totalmente independente.

O centro conta con servizo de transporte escolar e de comedor para aqueles nenos/as que o necesitan.

A economía das familias do alumnado é media baixa; dedícanse á agricultura e outras actividades como a lousa e a construción principalmente.

Existe na zona unha situación clara de diglosia (en parte debido a relación coa veciña Castela, fundamentalmente coa vila leonesa de Ponferrada), situación que inflúe enormemente no alumnado galego falante.

Non debemos esquecer a aquel alumnado que procede dunha cultura distinta da nosa, que a pesar deser grupos minoritarios, deberemos telos moi en conta á hora de planificar e levar a cabo certas actividades. Estes grupos dos que estamos a falar son: alumnado de descendencia portuguesa, alumnado de etnia xitana, e alumnado inmigrante.

Polo tanto falamos de cinco culturas que conviven dentro do centro: a portuguesa, a latino americana, a xitana, a asiática e a galega, sen esquecerla castelá.

O centro conta coas seguintes dependencias: audiovisuais, biblioteca, ximnasio, comedor ampliado fai catro anos, salón de actos, aula de música, D.O, aulas de infantil, primaria, inglés, relixión, e aulas de apoio.

No centro hai na actualidade 188 alumnos/as, 143 en Educación Primaria e 45 en Educación Infantil, sendo 20 mestres/as os destinados no centro e un coidador.

Tamén conta con profesorado especialista en Educ. Física, Música, Inglés, Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) a tempo completo no centro base, unha mestra de Audición e Linguaxe (AL) catro días no centro base (martes, mércores, xoves e venres) e un día á semana no centro adscrito

(luns), profesorado de apoio de Infantil, Relixión e departamento de orientación compartido co CEIP O Bolo.

Ambos centros están adscritos ao IES Cosme López Rodríguez, no que continúan os seus estudos a meirande parte dos nosos alumnos/as, tendo ambos departamentos contactos telefónicos para intercambiar información de aspectos destacables dos alumnos do último curso da primaria.

Tamén destacar que en xeral as familias dos alumnos de ambos centros educativos amosan unha actitude colaboradora co centro e están implicadas no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.

### 3.2. DESTINATARIOS

A orientación educativa constitúese como un proceso de acompañamento, asesoramento e axuda ao alumnado, mais tamén leva implícito un proceso de apoio referido ao profesorado e ás familias. Por este motivo o plan de orientación ten como destinatarios todos os membros da Comunidade Educativa: alumnado, profesorado e familias.

### 3.4. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Podemos enmarcar as actuacións que levaremos a cabo dende o Departamento de Orientación, dentro dos seguintes ámbitos:

- Actuacións de asesoramento á institución a nivel de centro, co alumnado e profesorado, familias, servizos externos o centro.
- Actuacións de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe: seguimentos individuais, prevención de dificultades na aprendizaxe e no desenvolvemento da personalidade, adaptación da resposta educativa a cada necesidade etc.
- Actuacións que teñan coom eixo o desenvolvemento do Plan de Acción tutorial.
- Actuacións en relación á promoción da convivencia e á resolución de conflitos.
- Actuacións para implicación das familias na educación dos seus fillos/as.
- Actuacións de asesoramento e orientación académica e profesional.
- Actuacións de apoio á colaboración familia-escola.
- Actuacións para acadar a colaboración con outros Departamentos de Orientación da zona, E.O.E provincial, e con diferentes organismos: servizos sociais, servizos sanitarios etc.

-Actuacións de coordinación, entre o equipo docente (titor, especialistas) co Departamento de Orientación permanente e no caso dun posible confinamento cobrara esta actuación unha gran importancia xa que sería a base para asegurar a continuidade educativa do alumnado e conseguir o desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos establecidos.

### 3.4. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A composición do Departamento de Orientación queda establecida no artigo 4 do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta composición é a seguinte: profesorado de apoio (PT e AL), profesorado coordinador de ciclo/nivel e xefa de Departamento.

Debido a que non hai presenza dun membro do equipo directivo na composición do departamento, toma especial relevancia a reunión de coordinación co mesmo, para poder vincular o carácter asesor do departamento co carácter decisorio e executivo dos órganos unipersoais.

### 3.5. CALENDARIO DE REUNIÓN

As reunións do centro quedan establecidas de forma xeral para os martes de 16:00h-17:00h para familias e de 17:00h- 18:00h para CCP, EDLG, TIC, Biblioteca, departamento, claustro, reunións xerais etc.

-Reunións xerais: unha reunión o trimestre e sempre que sexa preciso.

-Coordinación co profesorado de apoio: martes de 16:00h-17:00h.

-Coordinación co profesorado titor: sempre que o demanden tendo en conta a urxencia e adaptandome o horario do mesmo.

-CCP: o terceiro martes de cada mes.

- Comisións: Polo xeral unha vez o mes os martes e tamén en función dos compoñentes e contido a tratar.

-Coordinación co IES ao que o centro está adscrito: sera con unha periodicidade mensual e sempre que sexa preciso de forma telefónica.

- Reunións co equipo directivo: sempre que se demande e sexa necesario.

- Outras que se teñan que establecer en base as indicacións da Consellería tendo en conta a evolución da pandemia e no caso de un posible confinamento.

### 3.6. TAREFAS DOS COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

As funcións dos mesmos están delimitadas polo Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo están salientadas no Plan de atención á Diversidade do centro.

Cada coordinador/a de ciclo recolle as posibles suxestións que parten de cada ciclo e transmíteas ao Departamento, así como se encarga de comunicar as propostas que xorden dentro do Departamento aos compoñentes do seu ciclo sobre os seguintes aspectos:

- Elaboración das liñas-base do plan de orientación.
- Contextualización das actuacións programadas.
- Seguimento e avaliación do plan de orientación.
- Introdución das modificacións do plan se procede.
- Elaboración da Memoria final.

### 3.7. TAREFAS DA XEFATURA DO DEPARTAMENTO

- Dirixir e coordinar as actividades do departamento.
- Responsabilizarse do Plan anual e memoria.
- Representar ao Departamento de Orientación na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Coordinar a atención ao alumnado con n.e.a.e. xunto co Xefe de estudos e o profesorado de apoio.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e colaborar nos ditames de escolarización.
- Velar pola confidencialidade dos documentos.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e equipamento específico, velando polo seu correcto uso e conservación.
- Asistir ás xuntas de avaliación.
- Coordinarse co xefe de orientación do IES ao que estamos adscritos.
- Convocar, presidir e levantar acta das reunións do Departamento.
- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, así como favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares que precise o alumnado.

- Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento dos mesmos.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
- Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas de reforzo que favorezcan a aprendizaxe do alumnado.
- Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade.
- Establecer os horarios das mestras de apoio tendo en conta os alumnos con necesidades para dar atención a todos eles e facer as posibles modificacións o longo do curso.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presente o alumno.
- Establecer canles de información cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- Cooperar cos membros do Equipo de Orientación Específico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

### 3.8. NECESIDADES DA ORIENTACIÓN NO CENTRO

Feita a análise das necesidades existentes no presente curso, a partir da recollida de información a través de diferentes medios (Memoria Anual do Departamento de Orientación; informes psicopedagóxicos; informes dos especialistas en AL e PT, e a información transmitida polos docentes tras a avaliación inicial), podemos dicir que en xeral as necesidades educativas máis estendidas neste contexto refírense a:

- Deficiencias lingüísticas presentes a distintos niveis: expresión oral, comprensión lectora etc.
- Dificultades nas habilidades instrumentais básicas: lectura, escritura e cálculo.

- Problemas condutuais e de comportamento.
- Necesidade de fomentar habilidades e estratexias sociais que favorezan un bo clima para a convivencia no centro.
- Situacións de privación sociocultural.
- Necesidade de fomentar o desenvolvemento de hábitos e destrezas de autoaprendizaxe na procura da independencia e autonomía dos alumnos e alumnas.
- Necesidade de motivar ao alumnado para “aprender a aprender” e “aprender a pensar”.
- Así pois, o centro escolariza alumnado que require unha atención singular e global que dea resposta ás súas necesidades, donde tamén se observa que as familias teñen preocupación
  - pola educación dos seus fillos/as que precisa e demanda, cada vez mais, asesoramento e apoio.
  - É por iso polo que é necesario un servizo de orientación que contemple unha intervención os ámbitos do alumnado, profesorado e das familias, no marco das actuacións que se establecen desde a propia Administración Educativa, pero partindo da realidade e dos condicionantes da zona e do propio centro educativo. Partindo destas premisas e coa pretensión de ser realistas, eficaces e funcionais, formularemos os obxectivos deste plan de Orientación que expoñen a continuación.

#### 4. PLANIFICACIÓN XERAL

##### 4.1. OBXECTIVOS

###### 4.1.1- Obxectivos xerais:

1. Continuar co equipamento do departamento de orientación con diferente material didáctico, bibliográfico e informático para o adecuado funcionamento do mesmo.
2. Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da personalidade do/a alumno/a.
3. Colaborar no logro dunha boa integración do alumnado no centro educativo e no grupo de compañeiros/as, sobre todo nos momentos de transición e chegada ao centro, no paso dun ciclo a outro.
4. Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado.

5. Realizar un seguimento personalizado do proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos/as facendo fincapé na adquisición de hábitos e actitudes positivas cara ao estudo, á comprensión oral e escrita e á capacidade para a resolución de problemas.

6. Coordinar as accións de orientación e tutoría do centro.

7. Contribuír á axustada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa.

8. Potenciar a colaboración con outros Departamentos de Orientación da zona educativa Equipo Específico, cos servizos sociais do Concello e con calquera outra institución pública ou privada que poida contribuír a unha mellor formación do profesorado, pais e alumnos/as.

9. Informar ao profesorado sobre a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as con NEAE.

10. Colaborar cos mestres, baixo a dirección do Xefe de Estudos, na prevención, detección temperá de problemas de aprendizaxe.

11. Orientar ao profesorado tecnicamente en relación con actividades e procesos de avaliación formativa e orientadora, recuperación, reforzo e apoio psicopedagóxico.

12. Apoiar, se fose necesario, e completar as intervencións dos titores/ as coas familias.

13. Potenciar a orientación de todos os alumnos/as incluíndo a todos aqueles que necesiten unha atención especial.

14. Contribuír ao desenvolvemento da orientación educativa, psicopedagóxica e profesional.

15. Axudar aos alumnos nos momentos de maior risco e dificultade: ingreso no Centro, cambio de Ciclo.

16. Orientar e implicar á familia na educación dos/as seus/súas fillos/as, ao igual que establecer as canles axeitadas de información e comunicación coas familias.

4.1.2- Obxectivos específicos:

### **A- Referidos ao proceso de ensino-aprendizaxe**

*-Con respecto ao centro:*

-Colaborar na elaboración /revisión dos distintos documentos pertencentes ao PEC, así como na memoria de final de curso do centro.

- Colaborar na elaboración de programas específicos ( apoio, recuperación, etc).
- Asesorar tecnicamente en cuestións de adaptacións curriculares, reforzos educativos, intervención psicopedagóxica e criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Fomentar a cooperación da comunidade educativa nas tarefas de orientación.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
- Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.
- Contribuir á realización de estudos e análises sobre as necesidades do alumnado.
- Deseñar programas orientados a previr e detectar dificultades educativas así como plans de intervención tendentes a solucionar estes problemas.
- Colaborar na avaliación das neae do alumnado.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica.
- Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades educativas específicas.
- Establecer relacións estables de coordinación de titores, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.
- Establecer relacións estables de coordinación entre o profesorado dos distintos ciclos.
- Establecer relacións coas institucións externas ao centro que poden colaborar e axudar na integración do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Con respecto ao alumnado:*
- Contribuir á detección das necesidades do alumnado así como á busca dos recursos necesarios para o logro dunha maior eficacia no labor educativo.
- Contribuir á individualización dos procesos de ensino-aprendizaxe con medidas de atención á diversidade e impulsar iniciativas de compensación das desigualdades de orixe.

-Atender as demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás necesidades específicas de apoio educativo.

-Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.

-Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe.

-Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con neae, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.

-Establecer criterios para a determinación de medidas educativas extraordinarias tales como: adaptacións curriculares, flexibilidade da escolaridade, permanencia ou promoción de ciclo.

-Axudar ao alumnado nos momentos de maior dificultade: ingreso, cambios de ciclos, etapas...

-Participar nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.

*-Con respecto ao profesorado:*

-Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista, profesorado de apoio e a orientación de cara a dar resposta ás neae do alumnado.

-Participar nas sesións de avaliación e colaborar naquelas decisións que se estime oportuno.

-Facer posible a colaboración do profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.

-Colaborar na detección de problemas educativos (desenvolvemento, aprendizaxe, etc) que presente o alumnado así como na pronta intervención para tratar de remedialos.

-Apoiar a actuación do profesorado proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e tutorial.

-Transmitirlle información acerca da avaliación psicopedagóxica do alumnado e, en xeral, sobre as necesidades persoais de estes.

-Asesorarlles a utilización na aula de técnicas específicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar, etc.

-Demandarlles colaboración nas actividades promovidas polo departamento.

-Asesorar ao profesorado sobre a necesidade de dar resposta á diversidade nas programacións didácticas contemplando diversos niveis de dificultade.

*-Con respecto ás familias:*

-Promover, en colaboración cos titores, actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.

-Establecer os contactos necesarios coas familias de forma individual ou colectiva co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos.

-Establecer canles de comunicación, información e participación recíprocos.

-Informarlles sobre os novo sistema educativo así como sobre os aspectos novidosos que afecten ao centro debido a situación actual que nos toca vivir.

-Colaborar na relación titores-familia na solución de problemas que afectan aos seus fillos/as.

-Implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.

-Intercambiar información que poida enriquecer o coñecemento dos seus fillos para unha maior comprensión das súas condutas, actitudes, ritmo de aprendizaxe, etc.

*-Con respecto aos servizos e institucións externas ao centro:*

-Colaborar cos servizos sociais do Concello nos casos de alumnos/as e familias que o precisen.

-Colaborar cos servizos sanitarios dos que fan uso algúns dos nosos alumnos/as: saúde mental, pediatría etc.

-Solicitar asesoramento do E.O.E nos temas que se consideren precisos.

-Establecer canles de coordinación entre orientadores de primaria e secundaria, especialmente do IES adscrito.

## **B- Referidos á acción titorial**

*-Con respecto ao centro:*

-Aportar criterios para o funcionamento das titorías e organización das mesmas.

-Aportar e introducir os cambios que sexan necesarios no plan de acción titorial.

*-Con respecto ao alumnado:*

-Axudarlle a conseguir unha boa integración no centro e no grupo de compañeiros/as sobre todo aqueles que chegan novos ou repiten.

-Prestarlles atención individualizada cando a soliciten.

-Con respecto ao profesorado

-Asesorarlles no desempeño da acción tutorial: situacións persoais especiais, dificultades de aprendizaxe....

-Asesorarlles na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención á diversidade.

-Colaborar cos titores para manter unha relación fluída coas familias.

-Facilitarlles a utilización na aula de técnicas específicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar, mellorar a autoestima, habilidades sociais, programas de modificación de conducta etc.

-Participar nas xuntas de avaliación trimestrais e finais.

*-Con respecto ás familias:*

-Cooperar na relación titores-familias para tratar de solucionar calquera problema que afecte os seus fillos/as.

*-Con respecto a outras institucións:*

-Recoller información que poida proporcionarnos os servizos externos ao centro e informar o titor co fin de optimizar a atención ofrecida ao alumnado.

### **C- Referidos ao asesoramento e orientación académica**

*-Con respecto ao centro:*

-Fomentar coordinación entre o centro e o instituto.

-Implicar o centro na coordinación de accións que favorezan a adaptación do novo alumnado e o tránsito do mesmo entre etapas educativas, sobre todo cando impliquen o cambio do centro educativo a Secundaria.

*-Con respecto ao alumnado:*

-Facilitarlles información sobre o itinerario educativo co fin de que coñeza ben o sistema educativo.

- Axudarlles nos momentos de maior dificultade: ingresos, cambios de ciclos etc.
- Colaborar no seguimento da adaptación ao centro de secundaria.
- Fomentar actividades encamiñadas a adquirir capacidades que lle permitan saber tomar decisións en base as súas motivacións e intereses.
- Con respecto ao profesorado:*
  - Asesorar sobre actuacións que permitan que o alumnado adquira un coñecemento do mundo do traballo.
  - Orientar sobre procesos de avaliación formativa e orientadora, reforzo e apoio pedagóxico, promoción de alumnos, adaptacións etc.
- Con respecto ás familias:*
  - Asesorar ás familias do alumnado que inicia a escolarización no centro.
  - Asesorar ás familias do alumnado que inicia a educación primaria: características da etapa, como axudalos neste cambio etc.
  - Orientar ás familias de forma individual para que asuman a educación e orientación dos seus fillos/as.
  - Asesorar ás familias e alumnado que remata a educación primaria: características da nova etapa, optativas etc.

#### 4.2. PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN

Entendemos a Orientación como:

- Un proceso de acompañamento e apoio para levar a cabo as transformacións organizativas e metodolóxicas necesarias, que permitan ofrecer medidas que dean unha resposta á diversidade axeitada e flexible, adecuada ás características de cada caso.
- Un proceso continuo e sistemático, que forma parte do proceso educativo e se dirixe a todos os membros da comunidade educativa, poñendo énfase especial no desenvolvemento integral do alumnado, así como na prevención das posibles dificultades e na posta en práctica de respostas axeitadas.
- Un proceso construtivo ou colaborativo, que busque as solucións a determinadas dificultades conxuntamente entre o especialista e o profesorado, realizando achegas desde perspectivas diferentes e complementarias. A relación que se establece é de igualdade en canto ao nivel de participación,

implicación, relación e co-responsabilidade e complementaria e diferenciada en canto a contribucións, experiencia profesional, formación, etc.

A intervención comeza preferentemente sobre os axentes educativos ( contexto, profesorado, familia), e a atención directa ao alumno realízase cando non obtemos a resposta buscada ou no caso de alumnado con necesidades educativas específicas.

#### 4.3. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓNS

Determinar as liñas prioritarias de actuación é fundamental para facer unha planificación realista e efectiva. En coherencia coas finalidades da orientación reguladas pola normativa e unha vez analizadas as necesidades educativas do centro, fixamos os obxectivos xerais e específicos que guían a acción orientadora do noso centro. O seu desenvolvemento precisará da continuidade do seu tratamento ao longo dos cursos académicos. Así pois, destacamos:

- Asesorar e colaborar no desenvolvemento das actuacións que teñan como eixe o plan de acción tutorial, o plan de atención a diversidade, plan de igualdade e plan de convivencia do noso centro.
- Asesorar e colaborar na elaboración e revisión dos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.
- Asesorar na posta en marcha das medidas de atención á diversidade.
- Asesorar á Comunidade Educativa en relación as actuacións relacionadas co axuste, mellora e desenvolvemento xeral dos diferentes aspectos do proceso educativo.
- Contribuír a deseñar medidas para a detección temperá das necesidades.
- Contribuír a previr as dificultades e a deseñar os mecanismos de reforzo.
- Realizar a avaliación psicopedagóxica.
- Favorecer a colaboración das familias co centro e a súa implicación nas tarefas educativas.
- Deseñar medidas para favorecer o tránsito e a adaptación do alumnado entre as distintas etapas educativas.
- Contribuír a deseñar actuacións que fomenten a convivencia escolar e ca resolución pacífica de conflitos.
- Deseñar accións que fomenten a coordinación entre o centro e o instituto.

-Traballar con aqueles servizos e institucións que prestan atención socio educativa e sanitaria ao noso alumnado no marco dunha intervención multi-profesional.

-Revisar o plan de Orientación coas modificacións e actuacións previstas para o curso actual.

-Fomentar metodoloxías inclusivas: aprendizaxe cooperativo, tutoría entre iguais, reunións telemáticas, etc para dar resposta individual do alumnado que presenta neae e tendo en conta as circunstancias actuais.

-Establecer no caso dun posible confinamento liñas de coordinación de xeito telemático entre titores, mestras de apoio, familias e alumnado con necesidades para continuar coa tarefa educativa e conseguir os obxectivos establecidos.

#### 4.4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A función orientadora debe facer fincapé no conxunto da organización escolar, utilizando todos os recursos e enmarcándose na acción global do centro.

Para conseguir os obxectivos programados é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención, que enmarcan e se completan con intervencións mais concretas que se articulan en sub-plans:

-A importancia da participación activa dos mestres/as no equipo, que transmiten iniciativas para desenvolver de maneira real e efectiva as accións planificadas no Departamento.

-A importancia dos coordinadores, coa función de sumar esforzos e medios para unha acción común eficaz.

-A relación de asesoramento, apoio, colaboración e coordinación permanente co equipo directivo.

-O establecemento dunha relación titorial permanente coas familias e o alumnado.

-O profesorado especialista en PT/AL para colaborar na optimización da atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo.

-A implicación da orientadora con iniciativas, propostas etc que sirvan como punto de partida de reflexión e decisións conxuntas en todos os ámbitos da acción educativa.

Como estratexias de intervención destacar:

##### 4.4.1- Plan Xeral de Atención a Diversidade

O Plan Xeral de Atención á Diversidade implica por un lado a atención da escola ás necesidades de todos os alumnos/as e por outro esixe facer axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo.

As decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á personalización da propia enseñanza.

O noso centro trata de dar resposta á diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do Plan Xeral de Atención a Diversidade.

#### 4.4.2- Plan de Acción tutorial

O Plan de Acción tutorial é unha resposta a unha labor docente permanente, encomendada ao profesorado titor maioritariamente, sendo unha tarefa na que se implique todo o centro , consensuada e planificada polos membros da Comunidade Educativa.

Neste Plan, o equipo docente, coordinado polo/a titor/a e asesorado polo Departamento de Orientación, selecciona as estratexias máis axeitadas para o desenvolvemento do mesmo.

Levarase a cabo ao longo de todo o proceso educativo, de xeito individual ou colectivo, sendo a función máis importante, tanto para o titor como para o/a orientador/a , a de poñer os medios para garantir que todo o alumnado, en función das súas necesidades, teña a oportunidade de aprender e conseguir os obxectivos marcados para o curso no que se atopa escolarizado.

Tratase de unha actuación colectiva e debidamente coordinada, e que o seu desenvolvemento abrangue tanto o ámbito do proceso de ensino-aprendizaxe coma o relativo ao desenvolvemento persoal, de maneira que sexa unha resposta cara á personalización da educación do noso alumnado que garantice o coñecemento, funcionamento, potencialidades, do centro e a súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

O que se pretende é favorecer o desenvolvemento persoal e social do alumnado, o proceso de ensino-aprendizaxe e a maduración vocacional, para o que será necesario ensinarlle a pensar, ser persoa, convivir, comportarse e decidir.

Así mesmo este Plan concrétese en diversas actividades:

- Colaborar e asesorar na concreción do PAT para cada grupo de alumnos e para cada alumno.

-Proporcionar materiais e recursos os titores sobre técnicas de estudo, coñecemento e avaliación do alumnado, estratexias de intervención etc.

-Intervir directamente con algún alumno cando o solicite o titor ou equipo docente.

-Previr e detectar dificultades nas aprendizaxes instrumentais e escolares, dando resposta ao alumnado coas estratexias e hábitos axeitados.

-Proponer xunto cos titores a realización de actividades para desenvolver nos alumnos actitudes sociais positivas: asertividade, autoconfianza, empatía, tolerancia, respecto...

-Establecer xunto co titor entrevistas coas familias para informar sobre a evolución académica dos seus fillos e implicalos nas actividades de reforzo e apoio escolar.

- Proporcionarlle os titores axuda e orientación na elaboración das Adaptacións curriculares.

Esta acción titorial complementase con programas específicos de intervencións: programas que forman parte do enfoque orientador do Departamento e tratan de dar resposta ás necesidades percibidas pola comunidade educativa, e que terán un desenvolvemento real na medida en que os equipos responsables do seu deseño realicen a correspondente planificación.

Entre os programas que son necesarios e útiles para favorecer a acción titorial sinalar:

-Plan de Acollida: pensado para os alumnos, profesores que chegan por primeira vez aos centros que sempre xera un certo estado de ansiedade e pretendese que sexa algo agradable facilitando unha mínima seguridade e tranquilidade desde o primeiro momento.

Con esa intención é coa que se diseña e redacta o programa de acollida, contemplando as novas incorporacións desde dous puntos de vista: alumnado de nova incorporación e profesorado que chega por primeira vez.

Pensando neles e nelas establécense actuacións que teñen como finalidade favorecer os primeiros contactos coa institución (equipo directivo, titores, mestres de apoio, outros mestres de nivel...), contacto co grupo clase e titor (presentación), información o novo profesorado do alumnado e do funcionamento do centro.

-Plan de Orientación Académica: con el pretendese que o alumnado este preparado para afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade como poden ser o ingreso no centro, cambio de ciclo ou etapa: en especial a ESO, resolución de conflitos de relación interpersonal.

- Programa de Estimulación de linguaxe en Educación Infantil: levarase a cabo pola mestra especialista de AL donde se traballan aspectos relacionados coa estimulación da linguaxe espontanea, discriminación auditiva e visual, respiración, sopro para adquirir unha correcta pronunciación e adquisición da linguaxe.

-Programa de Habilidades sociais: Tráballanse aspectos como autoestima, autocontrol, emocións , empatía, etc.

#### 4.5. RECURSOS

##### -HUMANOS

-Alumnado.

-Profesor tutor.

-Profesorado das distintas especialidades.

-Profesorado de apoio.

-Equipo Directivo.

-Xefa do Departamento.

-Inspección Educativa.

-Equipo de Orientación Específica (EOE).

-Persoal non docente: coidador,conserxe.

-Organismos e entidades externas: médicos, psicólogos, asistentes sociais....

##### -MATERIAIS

-Material informático.

-Material bibliográfico.

-Material existente no centro que esta o servizo de todo o profesorado.

-Teléfono para efectuar ou recibir chamadas de necesidade.

-Ordenador e impresora no D.O.

##### -ECONÓMICOS

- Actualmente non existe unha dotación económica específica para o Departamento de Orientación nin para as aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, aínda que temos alumnado con necesidades educativas especiais as compras que é necesario realizar son sempre co consentimento da dirección do centro e cárganse ao orzamento xeral do centro.

#### -ESPACIAIS

-O Departamento de Orientación dispón dun local exclusivo na planta baixa do edificio de Educación Primaria.

-As aulas de tutorías.

-Aulas de apoio (PT-AL).

-Biblioteca escolar.

-Outras aulas do centro (Música, plástica, inglés etc).

-Outras dependencias do centro (comedor escolar, ximnasio, aula de informática etc.)

## 5. AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como unha reflexión crítica sobre todos os momentos e factores que interveñen no proceso didáctico a fin de determinar cales poden ser, están sendo ou foron os resultados da posta en práctica do Plan de Orientación do Centro.

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só dende unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas achegas e perspectivas destes.

No que ao Plan de orientación se refire, é preciso fixar uns criterios de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivadas do mesmo.

### 5.1. Avaluación Inicial (diagnóstica):

-Identificar as demandas da comunidade educativa, en especial as suxestións realizadas polos profesores no seu ámbito de actuación.

- Valorar a pertinencia, adecuación e viabilidade do Plan de Orientación.
- Identificar as características do contexto: posibilidades, limitacións...
- Identificar as características, intereses, necesidades , expectativas da comunidade educativa.
- Seguir as directrices establecidas para o funcionamento dos departamentos de orientación.

### 5.2. Avaliación formativa (desenvolvemento)

- Intercambiar oralmente información nas distintas reunións.
- Realizar as modificacións que se consideren precisas.
- Tomar decisións conxuntas (pedagóxica, organizativas, didácticas etc).

### 5.3. Avaliación sumativa (reflexión)

Ao finalizar o curso elaborárase unha memoria na que se determina o valor das actividades e/ou programas e a súa contribución á consecución dos obxectivos do plano.

### 5.4. Instrumentos de avaliación

Teranse en conta:

- Reunións da comisión de coordinación pedagóxica.
- Reunións de coordinación.
- Análise de tarefas.
- Análise de documentos.
- Análise da memorias (necesidades e propostas).

### 5.5. Criterios de avaliacións

- Axuste do Plan de Orientación ás necesidades do centro.
- A realización de actuacións previstas e atención a diversidade.
- O desenvolvemento das accións prioritarias.
- Grao de cumprimento dos obxectivos programados.
- Grao de cumprimento dos acordos establecidos nas diferentes reunións.
- A resposta ás demandas da comunidade educativa.

- Nivel de participación do profesorado no desenvolvemento do Plan de Orientación.
- Nivel de integración de actividades e programas na dinámica xeral do centro.
- Coherencia entre a PXA e o Plan de Orientación.
- Incidencia na aula e nas familias.
- Coordinación co Equipo Directivo.
- Liberdade para facer propostas e aceptación de propostas do Departamento no ámbito orientador.
- Autonomía das funcións propias do Departamento.
- Adecuación dos recursos humanos e materiais.
- Pertinencia do deseño da avaliación de cara a aportar modificacións significativas de cara o próximo curso.
- Apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.

En definitiva, o que se pretende é que entre todo o equipo docente se poidan facer propostas de maneira constructiva nas reunións para mellorar aqueles aspectos que se consideren precisos e revisar os que sexan susceptibles de mellora para que teñan efectividade.